**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br>Dª Fabiola García Martínez (Alcaldesa en funcións – Decreto 09/11/2016)<br>**Membros que asisten:**<br>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>Dª María Esther Patiño Rey<br>D. Anxo Orellan Fernández<br>Dª María Herminia Pouso Maneiro<br>D. Víctor Reiriz Lampón | **Interventor:**<br>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)<br>**Secretario en funcións**<br>D. José Martínez de Llano Orosa<br>**Membros que non asisten:**<br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día dez de novembro do dous mil dezaseis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 08/11/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:

| | |
|---|---|
| Número de relación | **2016 - 000039** |
| Importe total | **61.215,93 €** |
| Número de facturas | **75** |
| 1ª factura. | |
| Emisor (Cif) | **34991885F** |
| Importe | **508,20 €** |
| Última factura | |
| Emisor (Cif) | **Q655589H** |
| Importe | **24,00 €** |

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 1 | **Data** | 08/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Servizo de monitorado, ambientación musical e traslado de inchables, co motivo da celebración da "Noite aberta de inverno 2016" o día 12/11/2016 | | |
| **Nº orzamentos aportados** 2 | **Provedores** | - GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.<br>- FERNANDA CORES CES | |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70072905 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **217,60 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 2 | **Data** | 08/10/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Servizo de Vías e Obras<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 60 m2 de baldosa beirarrúa gris 33x33, 26 bordillos 30x15x90 e 45 sacos de cemento, para reparación dun tramo de beirarrúa de 26 m na Rúa Romero Ortiz | | |
| **Nº orzamentos aportados** 1 | **Provedores** | PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. | |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15972649 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **811,03 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 3 | **Data** | 08/10/2016 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 12 Tm de area e 7 m3 de formigón H1050/20, para reparación dun tramo de beirarrúa de 26 m na Rúa Romero Ortiz | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | HORMIGONES DE XARÁS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | HORMIGONES DE XARÁS, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15025786 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **783,85 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 4 | Data | 31/10/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Directora Obradoiro de Emprego Tahume III<br>Sandra Pérez González | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 6 botes de 20 l. de pintura tráfico de sinalización viaria branca, 2 botes de pintura ID amarela e outros materiais de pintura para prácticas do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume III | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - FERRETERIA BRION, S.L.<br>- PINTURAS ISAVAL, S.L.<br>- DISPAINT GALICIA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | FERRETERIA BRION, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B70474747 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **1.048,17 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 5 | Data | 07/11/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Directora Obradoiro de Emprego Tahume III<br>Sandra Pérez González | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 15 árbores metrosideirospara mellora no parque de Pedra Pateira a realizar polo alumnado da especialidade de xardinería do Obradoiro de Emprego Tahume III | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - JARDINERIA ARCE, S.L.<br>- ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.<br>- PLANTAS DE PIADELA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | JARDINERIA ARCE, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15547979 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **2.032,80 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 6 | Data | 07/11/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Directora Obradoiro de Emprego Tahume III<br>Sandra Pérez González | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aluguer de andamio europeo e torre móbilpara pintado da zona | | |

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | das escaleiras do conservatorio de Riveira a realizar polo alumnado da especialidade de pintura industrial do Obradoiro de Emprego Tahume III | | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 3 | **Provedores** | - TECNOGAL, SERVICIOS DE ALQUILER, S.L.<br>- MIGUEZ CUTRIN, S.L.<br>- ANDAMIOS RENEYMAR, S.L. | |
| **Informe:** | | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| **Denominación:** | **TECNOGAL, SERVICIOS DE ALQUILER, S.L.** | | | |
| **NIF/CIF:** | B94099538 | | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **1.639,22 €** | | | |
| **Observacións:** | | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 7 | **Data** | 07/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Alcaldía<br>Manuel Ruiz Rivas | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Servizo de almorzo a asistentes á reunión do Grupo Temático de Educación e Cultura do Eixo Atlántico, a celbrar o 14/11/2016 | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | CREDO POLYCASTLE, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **CREDO POLYCASTLE, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70320940 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **154,00 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 8 | **Data** | 04/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá<br>Víctor Reiriz Lampón | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 54 unidades de antiavispas de longo alcance para Protección Civil | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | FERRETERIA BRION, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **FERRETERIA BRION, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70474747 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **581,53 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 9 | **Data** | 08/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Servizos de enxeñería para estudo de viabilidade económico-financieira da concesión dos sistemas de abastecemento e saneamento do Concello de Riveira | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. |
| **Informe:** | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (08/11/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |

| | | |
|---|---|---|
| Denominación: | EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. | |
| NIF/CIF: | B85097962 | |
| Importe (IVE Incluído): | **3.872,00 €** | |
| Observacións: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **10** | **Data** | 31/10/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Pavimentación de sobreanchos e canalización de pluviais en Laxes | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 3 | **Provedores** | - CANARGA, S.L.<br>- VIAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.<br>- EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L. |
| **Informe:** | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (06/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **CANARGA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15360902 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **17.811,10 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **11** | **Data** | 02/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego<br>Carolina Pampín Pérez | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 10 buzóns 2030 Góndola-2 aceiro inxo para o Viveiro de Empresas | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 3 | **Provedores** | - CLICKFER RIBEIRA ALONVAZ, S.L.U.<br>- PURIFICACIÓN VIDAL RIAL<br>- PORTOFERR, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **CLICKFER RIBEIRA ALONVAZ, S.L.U.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70456892 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **449,52 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **12** | **Data** | 02/11/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Administrador da Lonxa Municipal<br>José M. Orellán | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Reparación de monitor táctil e controlador de pesaxe, conexionado á rede dun equipo e subtitución de cabezal de impresora na Lonxa Municipal de Riveira | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | SAEC DATA, S.A. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **SAEC DATA, S.A.** | | |
| **NIF/CIF:** | A36631653 | | |
| **Importe (IVE Incluído):** | **1.161,60 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| Nº Proposta | | 13 | Data | 27/10/2016 |
|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá<br>Víctor Reiriz Lampón | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de 4500 cartuchos Fiocchi 9x19 FMJ GR. 70 930 para a Policía Local, incluindo taxas, guía e portes | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - GALICOM COMUNICACIONES, S.L.<br>- SRTEL CORUÑA, S.L.<br>- SECCIÓN TÁCTICA, S.L. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | GALICOM COMUNICACIONES, S.L. | | | |
| NIF/CIF: | B15978356 | | | |
| Importe (IVE Incluído): | **1.450,93 €** | | | |
| Observacións: | | | | |

| Nº Proposta | | 14 | Data | 20/10/2016 |
|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura)<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de material eléctrico para montaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ANTONIO PAZOS, S.A. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | ANTONIO PAZOS, S.A. | | | |
| NIF/CIF: | A15066913 | | | |
| Importe (IVE Incluído): | **1.189,38 €** | | | |
| Observacións: | | | | |

| Nº Proposta | | 15 | Data | 20/10/2016 |
|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura)<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de plantas para montaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ANA MARIA LORENZO MOLEDO | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | ANA MARIA LORENZO MOLEDO | | | |
| NIF/CIF: | 44831153J | | | |
| Importe (IVE Incluído): | **194,75 €** | | | |
| Observacións: | | | | |

| Nº Proposta | | 16 | Data | 20/10/2016 |
|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura)<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de aglomerado e pino vermello para montaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | MADERAS CAYPE, S.L. | |
| Informe: | | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | MADERAS CAYPE, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15428345 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **418,77 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 17 | Data | 20/10/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura) José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de materiais de pintura para montaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | PINTURAS ISAVAL, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **PINTURAS ISAVAL, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B46069654 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **87,25 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 18 | Data | 20/10/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura) José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de materiais de ferretería para montaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FERRETERIA BRION, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **FERRETERIA BRION, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B70474747 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **162,04 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 19 | Data | 20/10/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura) José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizo de grua e subministración de materiais de ferretería para montaxe/desmontaxe dos beléns municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B15972649 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **474,93 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 20 | Data | 20/10/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras (Dept. Cultura) | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | José Manuel Queiruga Brión | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Instalación de 2 tomas de corrente para montaxe dos beléns municipais | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FERROVIAL SERVICIOS, S.A. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | FERROVIAL SERVICIOS, S.A. | | | |
| NIF/CIF: | A80241789 | | | |
| Importe (IVE Incluído): | **387,20 €** | | | |
| Observacións: | | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 21 | Data | 09/11/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Departamento de Comunicación<br>Abdón Dorca Santos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Inserción dunha páxina publicitaria na edición de Barbanza o 11/11/2016 co motivo de comunicar o proxxecto experimental de peonalización no centro urbano de Riveira | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | LA VOZ DE GALICIA, S.A. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | | |
| NIF/CIF: | A15000649 | | |
| Importe (IVE Incluído): | **958,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

## CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS QUE DESTACARAN NA SÚA FACETA COMPETITIVA DURANTE O ANO 2015.

Vista a proposta inicio de expediente subvencionador da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano 2015, do Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 07/11/2016.

Vista a consignación orzamentaria que substenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2016 á seguinte contía:

| Aplicación orzamentaria | Crédito |
|---|---|
| Partida.- 341 48022 | 14.000,00€ |

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o inicio do expediente subvencionador, así como as bases da convocatoria de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano 2015, proposta polo Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 07/11/2016.

**MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.**

**Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 14/16:**

Vista a Proposta da Alcaldía de data 09/11/2016 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 14/16**, co motivo da resolución da Dirección Xeral da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, de data 28/10/2016, pola que se concede unha subvención ao Concello de Riveira para a "Mellora do camiño rural do Agro da Cuña (Vixán-Carreira)"; e de acordo co seguinte detalle:

**XC 14/16**

| Partida de gasto | | |
|---|---|---|
| Clasificación por programas | Clasificación económica | Aumento |
| 453 | 619.02 | 39.975,49 € |
| Total | | 39.975,49 € |
| Concepto de ingreso | | Aumento |
| 750.86 | | 39.975,49 € |
| Total | | 39.975,49 € |

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor acctal., Jorge González Mariño de data 09/11/2016.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 14/16** proposta pola Alcaldía.

**DESAFECTACIÓN DE REMANENTES DA CONCELLERÍA DE CULTURA**

Vista a **proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 07/11/2016, no que solicita a desafectación o remanente resultante (Total: 6.780,97 €) de cada partida en concepto de imprevistos de imprevistos derivados dos diferentes programas culturais e non chegaron a executarse (Programa Nadal 2015/2016, Programa Cabalgata de Reis 2016, Programa Entroido 2016, Programa Exposición 60 Aniversario Lesmes Fotógrafos, Programa Maio Cultural 2016, Programa Mostra de Teatro Infantil 2016 e Programa Xuño da Cultura e das Artes 2016).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Desafectar o remanente que resulta de cada partida en cocepto de imprevistos do programa cultural ao que corresponde, según a proposta presentada pola Concellería de Cultura.
- Dispor da cantidade total, sumatorio deste remanente 6.780,97 €, para atender os gastos que se derivan da celebración de actividades culturais 2016.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COS GASTOS OCASIONADOS POLA XESTIÓN DUN CABALO MORTO ATOPADO NO LUGAR DE DEÁN, RIVEIRA**

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Na data do 10 de novembro de 2015 o Grupo de Apoio a Emerxencias Municipal (GAEM) foi mobilizado polo Centro de Operacións do 112 ante a aparición dun cabalo morto no lugar de Deán, parroquia de Riveira, a carón dun camiño de titularidade municipal. O GAEM trasladou tamén o aviso ao Servizo de Medio Ambiente deste Concello.

O achado provocou diversas queixas dos veciños próximos referidas ás condicións de insalubridade pública motivadas polo avanzado estado de descomposición do animal.

Segundo informou o responsable do GAEM deuse aviso á Policía Local deste Concello para que procedesen á identificación do animal cun lector, resultando esta xestión infrutuosa.

Na data do 10 de novembro de 2015 esta Alcaldía remitiu un Fax á empresa GESUGA solicitando a retirada e xestión do animal por razóns de salvagarda da salubridade pública.

Na loxística de retirada dos restos do equino dende o punto onde apareceu (non accesible ao camión) ata o lugar de recollida pola empresa autorizada foi precisa a intervención de maquinaria municipal (retroescavadora e tractor con remolque). Estes traballos realizáronse na data do 11 de novembro de 2015.

Na data do 12 de novembro de 2015 un camión da empresa GESUGA recolleu o corpo do equino e procedeu ao seu traslado a planta para a súa xestión.

A entidade que asumiu os custes de transporte a planta de tratamento e xestión dos restos foi este Concello polas circunstancias xa mencionadas anteriormente.

Na data do 10 de decembro de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito remitido polo Servizo de Gandería do Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural (escrito con data do 10 de decembro de 2015, entrada núm. 12.656), mediante o que requiriron a este Concello para que, nun prazo de dez (10) días, achegase documentación de identificación dun equino morto entregado a empresa autorizada na data do 12 de novembro de 2015.

Mediante escrito de Alcaldía de data 18 de decembro de 2015 (escrito con data do 18 de decembro de 2015, saída núm. 8.010) deuse resposta ao escrito do Servizo de Gandería explicándolle o procedemento de actuación na retirada e xestión do equino, e solicitando informe sobre a titularidade do mesmo co fin de iniciar os trámites administrativos para repercutirlle os gastos de xestión ocasionados a este Concello e, por conseguinte, á veciñanza de Riveira.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Na data do 25 de xaneiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito remitido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural (escrito con data do 25 de xaneiro de 2016, entrada núm. 645), mediante o que achegan datos do titular do cabalo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS/TÉCNICAS

De conformidade co establecido no artigo 25.2.j) da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local* (vixente ata o 1 de xaneiro de 2016), compételle ao Municipio a protección da salubridade pública.

Para a recollida dende o lugar de depósito, transporte e eliminación dos corpos de animais mortos é preciso contar co apoio dunha empresa autorizada para xestionar residuos desta tipoloxía, na Comunidade Autónoma de Galicia a empresa de referencia é GESUGA – Gestora de Subproductos de Galicia S.L., con domicilio social no lugar de Areosa, s/n, parroquia de Queixas, Concello de Cerceda.

No presente caso foi precisa a intervención de maquinaria municipal (retroescavadora e tractor con remolque) e persoal de apoio.

Vistos os datos achegados mediante escrito remitido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural (escrito con data do 25 de xaneiro de 2016, entrada núm. 645):

Dispositivo NPU: 724110000327782
Titular: Ulisses Andrade Ramos-Lucas
DNI: X4679606A
Enderezo: Rúa Romero Ortiz, núm.54, 1ºA 15960 Riveira
REGA: ES150730071401

Vista a factura núm. 108, de data 30 de novembro de 2015, na que se describen varias retiradas de animais efectuadas pola empresa GESUGA, S.L., entre as que figura o equino retirado no lugar de Deán, de 317 quilogramos de peso, por un importe parcial de 118,56 € (sen IVE).

Visto que na retirada foi precisa a intervención de maquinaria municipal e persoal do servizo de obras, cuxa valoración de custe efectuada pola Enxeñeira Municipal en data 3 de maio de 2016 ascende a 116,16 € (IVE incluído).

Por todo o exposto, e visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 08/11/2016, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Repercutir os custes de retirada e xestión do animal que se detallan na táboa seguinte ao titular, **D. Ulisses Andrade Ramos-Lucas**.

| **Concepto** | **Custe € (IVE incluído)** |
|---|---|
| Recollida dende o lugar de depósito, transporte e | 130,42 |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | |
|---|---|
| eliminación do equino (GESUGA) | |
| Custe de traballos de apoio para a retirada por parte da brigada municipal de obras | 116,16 |
| **Suma** | **246,58** |

**III.- CONTRATACIÓN.**

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA DE 2017.**

Visto o expediente que se tramita para contratar o Deseño e produción de carrozas para a Cabalgata de Reis de Riveira de 2017.

Constan no expediente os seguintes documentos:

1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar a contratación, asinada polo programador de exposicións municipal Unai González Suárez, na data 07/11/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

2.- Prego de prescricións técnicas redactado polo programador de exposicións municipal Unai González Suárez, na data 07/11/2016, cun orzamento total por contrata de 31.460,00 euros (valor estimado do contrato: 26.000,00 euros; IVE 21%: 5.460,00 euros).

3.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 07/11/2016.

4.- Informe emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 08/11/2016, en relación coa existencia de crédito.

5.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral en funcións José Martínez de Llano Orosa na data 08/11/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

6.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 08/11/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110, 115 e 116 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co*

*artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común)*, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do Deseño e produción de carrozas para a Cabalgata de Reis de Riveira de 2017**, cun orzamento total por contrata de 31.460,00 euros (valor estimado do contrato: 26.000,00 euros; IVE 21%: 5.460,00 euros).

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609.

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** redactado polo programador de exposicións municipal Unai González Suárez, na data 07/11/2016.

**CUARTO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de adxudicación.

**QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.**

**SEXTO**.- Conforme o recollido no último parágrafo da cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, estímase oportuno que esta licitación sexa publicada no Perfil de Contratante do Concello de Riveira (www.riveira.es).

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Andrés Romero Maneiro**, de data 03/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.392), no que a baixa no posto nº 5 destinado á venda de peixe que ten adxudicado no Mercado Municipal de Palmeira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) Que se proceda a dar de **baixa** a Andrés Romero Maneiro, como adxudicatario do posto nº 5 do Mercado Municipal de Palmeira.
b) Comuníquese este acordo á solicitante e aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

***RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 5/16.***

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Intensiva Colectiva de Manzana.
REFª CATASTRAL: 0520904NH0102S0001AH.
SITUACIÓN: Avda Miguel Rodríguez Bautista nº 41, Baixo, Riveira.
PROMOTOR / DENUNCIADO: Sandra Rios Alcalde, Cafetería "El Patio".
DENUNCIANTE: Mª Eugenia Vidal González.
FEITOS DENUNCIADOS: Incumprimento de normativa acústica.

*Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes*

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Pola Sra. Sandra Rios Alcalde con domicilio no lugar de A Changuita nº 70, Boiro, presentábase en escrito rexistrado de entrada na data 30.9.15 e 22.2.16, (Rexistros de entrada nº 10.143, 1.661 e 14.4.16), comunicación de inicio de actividade achegando Proxecto Técnico de outubro de 2014 redactado por Roberto Ozores Nine así como Certificado de Illamento Acústico realizado por Pablo Xosé Pouso Iglesias, así como novo Certificado de Illamento Acústico realizado por VIROCEM.

2.- O Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras analizar a documentación emite informe de comprobación documental na data 9 de maio de 2016 que se transcribe:

*"*

*(...)*

***DILIXENCIA DE COMPROBACIÓN***
***SERVIZO TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE***

*Dilixencia para facer constar que, efectuada a comprobación documental da comunicación previa de data 28 de setembro de 2015 (escrito con data do 30 de setembro de 2015, entrada núm. 10.143) por Dª. Sandra María RÍOS ALCALDE, para levar a cabo unha actividade de CAFETERÍA, IAE 6732_1, na avenida Miguel Rodríguez Bautista, núm. 41, baixo, Riveira, referencia catastral ---, coa nova documentación achegada pola interesada mediante escrito de data 14 de abril de 2016 (escrito con data do 14 de abril de 2016, entrada núm. 4.174), apréciase as seguintes deficiencias:*

***- Referencia catastral***

***- Certificado de fin de obra visado no que se identifique a licenza/comunicación da obra***

***- Informe acústico elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade, de conformidade co previsto no artigo 11 en relación co artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia***

*Consideracións:*

*A solicitante achega informe técnico denominado "CERTIFICADO DE AISLAMIENTO ACÚSTICO", emitido pola empresa VIROCEM S.L., de data 31 de marzo de 2016, non adaptado ao previsto na normativa autonómica, Decreto 106/2015, do 9 de xullo, en vigor na data de presentación da comunicación de apertura.*

*Establece a disposición transitoria segunda do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, ao referirse ao réxime transitorio sobre actividades, o seguinte: "O artigo 11 será de aplicación a actividades que se inicien tras a súa entrada en vigor así como a modificacións, reformas, ampliacións e traslados de*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*actividades preexistentes." Segundo resposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 10 de novembro de 2015, á consulta efectuada polo Servizo de Medio Ambiente deste Concello, a aplicación do Decreto 106/2015, do 9 de xullo refírese ao inicio de actividade, non de obra.*

*Entre as medicións a realizar debe recollerse especificamente a zona destinada a xogos infantís, por tratarse da área de maior incidencia acústica nas vivendas lindeiras, especialmente por ruído de impacto."*

3.- Posteriomente por Decreto de Alcaldía de data 5 de agosto de 2016 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 5/16 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro *(vixente no momento de incoación do Decreto)*, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 152 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

3.- A notificación do citado Decreto practicouse a Sra. Sandra Rios Alcalde na data 17 de outubro de 2016 e ao Sr. Jesús González na data 13 de outubro de 2016.

4.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

5.- Notificado este emprazamento a Sra. Sandra Rios Alcalde en escrito rexistrado de entrada na data 4 de novembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 14.488), presenta certificado acústico complementario emitido pola entidade VIROCEM S.L. de data 3 de novembro de 2016.

6.- O Tecnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga emite informe favorable na data 7 de novembro de 2016 facendo constar que:

*"*

*(...)*

| INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE |
|---|

| | |
|---|---|
| ASUNTO: | CERTIFICADO ACÚSTICO COMPLEMENTARIO EMITIDO POLA ENTIDADE VIROCEM, S.L., DE DATA 3 DE NOVEMBRO DE 2016 |
| ACTIVIDADE: | CAFETARÍA, IAE 6732_1 |
| SOLICITANTE: | Dª. SANDRA MARÍA RÍOS ALCALDE |
| LOCALIZACIÓN: | AVENIDA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, NÚM. 41, BAIXO, RIVEIRA |

ANTECEDENTES

09.05.16.- Dilixencia de comprobación documental da comunicación previa de data 28 de setembro de 2015 (escrito con data do 30 de setembro de 2015, entrada núm. 10.143) por Dª. Sandra María RÍOS ALCALDE, para levar a cabo unha actividade de CAFETERÍA, IAE 6732_1, na avenida Miguel Rodríguez Bautista, núm. 41, baixo, Riveira, referencia catastral ---, atendendo á nova documentación achegada pola interesada mediante escrito de data 14 de abril de 2016 (escrito con data do 14 de abril de 2016, entrada núm. 4.174), na que se poñen de manifesto as seguintes deficiencias:
- Referencia catastral
- Certificado de fin de obra visado no que se identifique a licenza/comunicación da obra

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

- Informe acústico elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade, de conformidade co previsto no artigo 11 en relación co artigo 12 do *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*

30.08.16.- Informe do Servizo de Medio Ambiente ao respecto do certificado de illamento acústico emitido a petición do Concello de Riveira pola entidade VIROCEM, S.L. (asistencia técnica en materia acústica), de data 21 de xuño de 2016: "CERTIFICADO DE AISLAMIENTO ACÚSTICO / CAFETERÍA "EL PATIO" / AVENIDA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA Nº 41, BAJO (...) Nº EXP: I003RI/2016". Valoración: *"As medicións acústicas obxecto de valoración foron realizadas pola asistencia técnica en materia acústica, a petición do Concello de Riveira, co fin de contrastar os resultados e completar os índices de illamento doutras medicións presentadas anteriormente pola parte solicitante. Estes ensaios permitiron determinar o illamento acústico do establecemento que se prevé destinar á actividade de Cafetaría na avenida Miguel Rodríguez Bautista, núm. 41, desta cidade, actividade promovida por Dª. Sandra Ríos Alcalde.*
*No epígrafe 9 do informe de medicións determinouse un nivel de presión sonora máximo para a actividade a desenvolver de 80 dBA.*
*No epígrafe 11 do informe recóllese un resumo xeral con conclusións: "(...) RESULTADO:*
*- TODAS LAS MEDICIONES DE AISLAMIENTO A RUIDO AÉREO CUMPLEN EXCEPTO LA DE LA FACHADA PRINCIPAL.*
*- TODAS LAS MEDICIONES DE AISLAMIENTO A RUIDO DE IMPACTO REALIZADAS EN LA ENTREPLANTA CUMPLEN."*
*Nese mesmo epígrafe 11 recóllese unha táboa resumo de resultados. Ao respecto fago as seguintes apreciacións:*
*1. Co nivel sonoro máximo indicado no informe, nivel de emisión sonora máximo de 80 dBA, en relación co previsto no apartado A do Anexo ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, a actividade estaría clasificada, en principio, como GRUPO 4 (ximnasios, supermercados, talleres, industrias, restaurantes e similares).*
*2. Os índices de illamento acústico a ruído aéreo calculados para cada un dos recintos nos que se realizaron as medicións foron os seguintes:*

| AISLAMIENTO ACÚSTICO A RUIDO AÉREO | | | |
|---|---|---|---|
| Elemento ensayado | Aislamiento mínimo necesario (dBA) | Aislamiento obtenido (dBA) | Valoración |
| Forjado entre entreplanta y vivienda | $D_{nT,100-5k} \geq 60$ | $D_{nT,100-5k} = 65,5$ | Cumple |
| | $D_{nT,125} \geq 45$ | $D_{nT,125} = 51,0$ | Cumple |
| Fachada principal | $D_{2m,Ts,100-5k} \geq 40$ | $D_{2m,Ts,100-5k} = 34,4$ | No cumple |
| Fachada lateral ' | $D_{2m,Ts,100-5k} \geq 40$ | $D_{2m,Ts,100-5k} = 49,4$ | Cumple |
| Fachada lateral | $D_{2m,Ts,100-5k} \geq 40$ | $D_{2m,Ts,100-5k} = 45,1$ | Cumple |
| **AISLAMIENTO ACÚSTICO A RUIDO DE IMPACTO** | | | |
| **Elemento ensayado** | **Aislamiento mínimo necesario (dBA)** | **Aislamiento obtenido (dBA)** | **Valoracion** |
| Forjado entreplanta madera | $L'_{nT,100-5k} \leq 40$ | $L'_{nT,100-5k} = 35^{*}$ | Cumple |
| Forjado entreplanta placa | $L'_{nT,100-5k} \leq 40$ | $L'_{nT,100-5k} = 33^{*}$ | Cumple |

*3. A medición de illamento correspondente á fachada principal non cumpre cos valores mínimos previstos na normativa. (...)"*

DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Informe acústico emitido a petición de Dª. Sandra María RÍOS ALCALDE pola entidade VIROCEM, S.L. (entidade inscrita no rexistro LECCE de laboratorios, área de ensaios declarados: acústica), de data 3 de novembro de 2016.

VALORACIÓN

As medicións acústicas obxecto de valoración foron realizadas pola entidade VIROCEM, S.L., a petición de Dª. Sandra María RÍOS ALCALDE, co fin de comprobar o illamento acústico da fachada principal da cafetaría "El Patio" tralas medidas correctoras executadas pola parte solicitante.

No epígrafe 9 do informe de medicións determinouse un nivel de presión sonora máximo para a actividade a desenvolver de 80 dBA, clasificando a actividade no grupo 4 do Anexo do *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

No epígrafe 11 do informe conclúese: *"(...) Conclusiones: / En base a lo anterior VIROCEM S.L. certifica que: / LAS MEDICIONES DE AISLAMIENTO ACÚSTICO OBJETO DEL PRESENTE INFORME, CUMPLEN CON LOS REQUERIMIENTOS CONCERNIENTES A LAS EXIGENCIAS DE LA NORMATIVA EXPUESTA EN EL PUNTO 3."*

Resultados obtidos para os elementos ensaiados no informe de data 3 de novembro de 2016:

| AISLAMIENTO ACÚSTICO A RUIDO AÉREO | | | |
|---|---|---|---|
| Elemento ensayado | Aislamiento mínimo necesario (dBA) | Aislamiento obtenido (dBA) | Valoración |
| Forjado entre local y vivienda | $L'_{nT,100\text{-}5k} \leq 40$ | $L'_{nT,100\text{-}5k} = 39$ | Cumple |
| Fachada | $D_{2m,nT,100\text{-}5k} \geq 40$ | $D_{2m,nT,100\text{-}5k} = 41{,}0$ | Cumple |

O nivel sonoro máximo previsto e permitido para a actividade será de 80 dBA. En relación co previsto no apartado A do Anexo ao *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, a actividade estaría clasificada, en principio, como GRUPO 4 (ximnasios, supermercados, talleres, industrias, restaurantes e similares).

O índice de illamento a ruído aéreo de fachada ensaiado, correspondente á fachada principal, cumpre cos valores mínimos previstos na normativa para unha actividade encadrada no GRUPO 4, $D_{2m,nT\ 100\text{-}5000\ Hz} \geq 40$ dBA.

O índice de illamento a ruído de impactos ensaiado cumpre cos valores mínimos previstos na normativa para unha actividade encadrada no GRUPO 4, $L'_{nT,\ 100\text{-}5000\ Hz} \leq 40$ dBA.

Condicións de funcionamento:

Deberán respectarse, en calquera caso, as características de funcionamento referidas ao GRUPO 4, no apartado A do Anexo ao *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

Observacións:

Os valores indicados nos informes de medición enténdense sen prexuízo do cumprimento dos valores límite de recepción da lexislación vixente, tanto en interior como exterior; polo que os valores amosados utilizaranse por defecto, sendo os necesarios para illamento, en todo caso, aqueles que garantan o cumprimento dos mencionados valores límite."

7.- Asimismo o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe favorable na data 9 de novembro de 2016.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Primeiro.-** Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantizar a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimiento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruido o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguentes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamiento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrucción do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos pudieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requerirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase la comunicación previa. En caso de que se deniegue la licencia o no se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persona interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obligado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantizar a executividade da resolución, sin perxuicio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, visto o certificado acústico complementario emitido pola entidade VIROCEM, S.L., de data 3 de novembro de 2016, visto o informe técnico favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, na data 7 de novembro de 2016, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, na data 9 de novembro de 2016, e en visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/11/2016, **a Xunta de Goberno Local**, por uanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** ***DISPOÑER**, de conformidade co disposto polo artigo 152.3.b) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o **LEVANTAMENTO DA PARALIZACIÓN, E POLO TANTO AUTORIZAR O EXERCICIO DA ACTIVIDADE** da Cafetería "El Patio" sita na Avda Miguel Rodríguez Bautista nº 41, Baixo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0520904NH0102S0001AHJ, promovidas pola Sra. Sandra Rios Alcalde, procedendo ao **ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 5/16***:

- *As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas unha vez autorizadas e orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.*

**Segundo.-** Notificar a presente resolución aos interesados entendendo como tal á Sra. Sandra Rios Alcalde, á Sra. Mª Eugenia Vidal González, ao Sr. Intendente-Xefe da Policía Local así como ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 2 de Ribeira *(Dilixencias Previas Proc. Abreviado 48/16)*, en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

**1.-** Visto o escrito presentado por **Antonio Vidal Fernández**, de data 02/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.338), no que solicita certificación urbanística relativa a que a parcela situada en Ameixida (Castiñeiras) é inedificable.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 07/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ó solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A019005010001LJ
Situación: Ameixida (Castiñeiras)
Tipo de solo: Solo Urbano tipo 6.3 A
Parcela mínima (500,00 $m^2$): Cumpre
Fronte mínima (12,00 m): Incumpre (4,00 m)
Condicións de forma (12,00 m diámetro): Cumpre
O resto de condicións para este tipo de solo se aplicarán no caso de pretender a construción dunha vivenda unifamiliar, pero ó incumprir a fronte mínima se considera inedificable a parcela.

**2.**- Visto o escrito presentado por **María Parada Vidal**, de data 02/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.362), no que solicita certificación urbanística de que a parcela con referencia catastral 15074A022004120000KG non invade terreo municipal.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 07/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Persoados os Servizos Técnicos Municipais na finca con referencia catastral 15074A022004120000KG, lindeira co monte municipal Os Castelos (Aguiño), compróbase que a dita finca non invade o monte público municipal, co que se pode dicir que está correctamente deslindada

**3.**- Visto o escrito presentado por **Antonio Callón Domínguez**, de data 04/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.455), no que solicita certificación urbanística de que a parcela con referencia catastral 15074A011003040000KU está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 08/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ó solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A011003040000KU

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira a finca está clasificada como Solo Rústico Común, co que se pode afirmar que cumpre o citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

CONCELLO DE RIBEIRA

**4.**- Visto o escrito presentado por **Elena Pérez Cameán**, de data 07/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.545), no que solicita información urbanística relativa a parcela situada en Rúa Vionta, nº 4 - Baixo (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 09/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, infórmarse o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano,** séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado,** séndolle de aplicación a ordenanza 1 do PXOM, na que rexen as condicións urbanísticas que se especifican a continuación nas seguintes follas.

(Nota: Xúntase copia da ordenanza urbanística de aplicación, así como da ordenanza xeral (artigo 92), onde se regula a configuración de "planta baixa")

**5.**- Visto o escrito presentado por **Diego Giráldez Rey**, de data 28/10/2016 (Rexistro de entrada nº 14.182), no que solicita información urbanística relativa a fincas situadas no lugar de Avioso, A Mámoa (Carreira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, infórmarse o seguinte:

REFERENCIAS CATASTRAIS: PARCELAS Nº 805, 806, 807, 808 E 1301 DO POLÍGONO 921.

1) O conxunto das fincas indicadas no encabezamento atópase, de xeito parcial, dentro da delimitación do solo clasificado como **solo de núcleo rural (SNR)**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo de núcleo rural establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición

Transitoria primeira, apartado c) desta lei. En aplicación da citada D. T., seralle de aplicación, e de xeito íntegro, o disposto polo planeamento respectivo.

2) Compróbase ademais que lle resulta de aplicación a ordenanza de SNR C, e onde se establece unha parcela mínima de 800 m2 e sendo o uso característico o de vivenda unifamiliar.

3) A traseira do conxunto das parcelas está dentro dun ámbito de solo rústico de protección ordinaria, que de acordo coa xa citada D.T. 1ª da lei 2/2016, seralle de aplicación o disposto pola presente lei para o solo rústico.

4) A superficie da fronte do conxunto das parcelas afectadas polo clasificación de SNR é moi inferior á superficie mínima esixible polo planeamento (800m2). No presente caso haberá que aterse ao disposto na lexislación urbanística vixente, e debendo de advertir ao respecto e en aplicación da disposición derrogatora única da lei 9/2016, o seguinte:

**Disposición derrogatoria única.** ***Derrogación normativa***
Quedan derrogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

5) Esta referencia á disposición derrogatoria única da Lei ten incidencia no manifestado na presente ordenanza municipal (Solo Núcleo Rural-C), e no referente ao computo de parcela mínima; posibilitando este apartado a inclusión de terreos de outra clase de solo (solo rústico) aos efectos de computar edificabilidade e superficie de parcela entre ámbitos de réximes distintos. Ante o aquí exposto debemos de significar que o feito de poder computar superficie entre ámbitos de solo de distinta clasificación, como ben se dispón no artigo 135 do PXOM."Norma do solo de núcleo rural pouco consolidado" contravén o disposto ao respecto pola Lei 2/2016, do Solo de Galicia, e en consecuencia, debemos de informar ao respecto que NON SE PODE COMPUTAR SUPERFICIES DE DISTINTAS CLASES DE SOLO, POR TOTAL INCOMPATIBILIDADE URBANÍSTICA.

**6.-** Visto o escrito presentado por Dolores López Vázquez en representacióin da **Comunidade de Propietarios "Faro de Aguiño"**, de data 26/10/2016 (Rexistro de entrada nº 14.075), no que solicita informe relativo a tramitación de licenza de primeira ocupación dun edificio de vivendas sito na Rúa Mestre Xosé Sans, esquina

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

Rúa Castelao en Aguiño, do que resulta ser promotor a entidade Marquigal 2005, S.L.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 04/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

En relación coa solictude formulada polo interesado e relativa ao asunto que figura no presente encabezamento, e una vez examinado o expediente de obra e o relativo á licenza de primeira ocupación, infórmarse o seguinte:

1.- A citada edificación ten licenza de obras, concedida en Xunta de Goberno Local, de referencia 07.10.2004, para a construcción dun edificio de vivendas.

2.- Con posterioridade, en data de 17.012008, presentouse solicitude e documentación relativa á licenza de primeira ocupación por parte da promotora, acompañando a documentación técnica oportuna. Na presente documentación consta certificado final de obra asinado polos directores de obra ( arquitecto e aparellador), na que se certifica que a citada edificación foi rematada con data de 22.10.2007, e visado polo COAG de data de 13.11.2007.
Acompañamos copia do certificado final de obra (ANEXO Nº 1)

3.- Ante o aquí exposto, e aos efectos do dispostos ao respecto polo artigo 159 da lei 2/2016, debemos de informar que tal e como consta na documentación final de obra asinada polos técnicos directores da mesma - e co visado colexial preceptivo - que a citada edificación ten una antiguedade superior a SEIS ANOS.

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON JOSÉ ANTONIO SANTAMARÍA MARTÍNEZ POR DANOS EN VEHÍCULO AO CAERLLE ENRIBA UN SINAL DE TRÁFICO. Expediente nº: RP 8/2015.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don José Antonio Santamaría Martínez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*Primeiro.*- O día 18 de febreiro de 2015, don José Antonio Santamaría Martínez, tiña o vehículo da súa propiedade, modelo Renault Megane RXI, con placas de matrícula C2867CD, estacionado na rúa Portugal, cando, de súpeto, caeu enriba do mesmo un sinal de tráfico, o que lle ocasionou unha serie de danos no automíbil.

*Segundo.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 16/04/2015 co número 3.890, don José Antonio Santamaría Martínez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía total de 212,75 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do seu DNI; copia simple do seu permiso de condución; copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple da tarxeta de inspección do vehículo; copia simple do informe elaborado pola Policía Local do Concello de Riveira; e informe pericial en relación cos danos causados ao vehículo.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: certificado emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico e informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante non presenta escrito de alegacións.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**Segundo.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

**Terceiro.-**

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a documentación achegada co escrito de reclamación, don José Antonio Santamaría Martínez é titular do vehículo Renault Megane RXI, con placas de matrícula C2867CD**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento. Así, tamén consta acreditado coa

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, solicitada na instrución do expediente

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira**, xa que segundo indica a Policía Local no seu informe de data 02/11/2015, a colocación dos sinais e a regulación do tráfico son competencia do Concello, polo que a esta Administración lle corresponde a conservación dos sinais da súa propiedade e a substitución dos que se atopen deteriorados e non cumpran o seu obxecto, segundo dispoñen os artigos 57 e 58 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial de danos que achega o reclamante e do informe policial emitido na data do accidente e no que se dispón que: ***"Personados en el lugar, pudimos observar como el vehículo marca Renault, modelo Megane matrícula C2867CD**, se encontraba perfectamente estacionado en la Plaza dos Mariñeiros, **tenía daños en el retrovisor izquierdo provocados por la señal."***

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario.

A estes efectos, **a Policía Local nas Dilixencias realizadas por mor do accidente dispón que**: *"Los policías con números de carnet profesional 239010 y 239034, informan que siendo las 13:50 horas del día de la fecha, han sido requeridos mediante radioteléfono para acudir a la Plaza dos Mariñeiros, a la altura del Auditorio Municipal, ya que al parecer había resultado dañado como consecuencia de la caída de una señal sobre el retrovisor de un vehículo. Personados en el lugar, pudimos observar como el vehículo marca Renault, modelo Megane matrícula C2867CD, se encontraba perfectamente estacionado en la Plaza dos Mariñeiros, tenía daños en el retrovisor izquierdo provocados por la señal,. **Esta señal fue colocada por operarios del concello por obras, estaba ubicada en el suelo y sin anclar, debido al viento cayó contra dicho vehículo**. La carretera es titularidad del concello."*

**Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros**.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo viario municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Renault Megane, matrícula C2867CD, propiedade de don José Antonio Santamaría Martínez.

Respecto do *quantum* indemnizatorio, enténdese que ao non achegar factura de reparación do vehículo e presentar soamente o informe pericial elaborado pola entidade aseguradora, non debe terse en conta o IVE da reparación, polo que a contía a indemnizar ascende a 175,83 €, que sería o resultado de restarlle a 212,75 (cantidade reclamada polos danos do vehículo) a cantidade de 36,92 que corresponderían ao IVE.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Por todo o exposto, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/10/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 25/10/2016, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don José Antonio Santamaría Martínez, na contía de 175,83 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan.**

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará a don José Antonio Santamaría Martínez a contía de 150 €, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data do accidente, correspondendo a Mapfre Seguros de Empresas o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 25,83 € mais os xuros que legalmente lle correspondan.

**2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ GARCÍA, REPRESENTADO POR MAPFRE S.A., POR DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 6406FYH OCASIONADOS AO CAERLLE ENRIBA UN SINAL DE TRÁFICO. Expediente nº: RP 1/2016.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Francisco Fernández García**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*Primeiro*.- O día 26 de outubro de 2015, don Francisco Fernández García, tiña o vehículo da súa propiedade, marca KIA, modelo Sorento, con placas de matrícula 6406FYH, estacionado na Avenida de Lugo, cando, de súpeto, caeu enriba do mesmo un sinal de tráfico, o que lle ocasionou unha serie de danos no automóbil.

*Segundo.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/01/2016 co número 904, don Francisco Fernández García, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía total de 468,92 €.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira; certificación de código de conta bancaria; copia simple do permiso de circulación do vehículo e ficha técnica; xustificante do pago do I.V.T.M.; presuposto de reparación do vehículo emitido por "Mecánica Xaras, S.L."; informe valoración da peritaxe dos danos; e póliza do seguro do vehículo.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: certificado emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico e informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante non presenta escrito de alegacións.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**Segundo.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

**Terceiro.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de

expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a documentación achegada co escrito de reclamación, don Francisco Fernández García é titular do vehículo marca KIA, modelo Sorento, con placas de matrícula 6406FYH**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento. Así, tamén consta acreditado coa certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, solicitada na instrución do expediente.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira**, xa que segundo indica a Policía Local no informe emitido na data do accidente, a vía onde se encontraba o vehículo estacionado e sufriu os danos, atopase dentro do casco urbano de Riveira, sendo o titular e responsable da vía o Concello de Riveira, que foi tamén a Administración que colocou o sinal que bateu no automóbil, polo que a este Concello lle corresponde a conservación dos sinais da súa propiedade e a substitución dos que se atopen deteriorados e non cumpran o seu obxecto, segundo dispoñen os artigos 57 e 58 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende, tanto do presuposto de reparación do vehículo e do informe pericial de danos que achega o reclamante, como do informe policial emitido na data do accidente e no que se dispón que: ***"Personado en el lugar, pude observar como el vehículo marca KIA, modelo Sorento matrícula 6406 FYH,*** *se encontraba perfectamente estacionado en Av. De Lugo,* ***tenía daños en el lateral trasero izquierdo, provocados por la señal."***

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario.

A estes efectos, a **Policía Local nas Dilixencias realizadas por mor do accidente dispón que**: *"El Policía con número de carnet profesional 239020, informa que siendo las 10:25 horas del día de la fecha, ha sido requerido mediante radioteléfono para acudir a la Av. De Lugo, a la altura de la obra de Tizón, ya que al parecer había resultado dañado como consecuencia de la caída de una señal sobre un vehículo. Personado en el lugar, pude observar como el vehículo marca KIA, modelo Sorento matrícula 6406 FYH, se encontraba perfectamente estacionado en Av. De Lugo, tenía daños en el lateral trasero izquierdo, provocados por la señal, marcando un impacto en la puerta trasera izquierda, continuando con unas ralladuras en la misma y prolongándose por la aleta trasera, estas marcas en el vehículo trazan perfectamente la trayectoria de la caída de la señal.* ***Esta señal fue colocada por operarios del concello, encontrándose ubicada en el suelo y sin anclar. Debido a la inestabilidad de la base de la señal ya que se encontraba ubicada sobre un firme bacheado y con cierta inclinación, motivo el cual provocó la caída de la señal impactando primero y deslizándose sobre el auto causando sin ningún tipo de duda los daños que presenta."***

**Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros.**

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo viario municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca KIA, modelo Sorento, matrícula 6406 FYH, propiedade de don Francisco Fernández García.

Respecto do *quantum* indemnizatorio, enténdese que ao non achegar factura de reparación do vehículo e presentar soamente un presuposto de reparación do mesmo, non debe terse en conta o IVE da reparación, polo que a contía a indemnizar ascende a 387,54 €, que sería o resultado de restarlle a 468,92 (cantidade reclamada polos danos do vehículo) a cantidade de 81,38 que corresponderían ao IVE.

Por todo o exposto, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 07/11/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 08/11/2016, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Francisco Fernández García, na contía de 387,54 €.**

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará a don Francisco Fernández García a contía de 150 €, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data do accidente, correspondendo a Mapfre Seguros de Empresas o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 237,54 €.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**1.**- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura**, Fabiola García Martínez, de data 07/11/2016, en relación co escrito presentado por María Luisa Peña Cebreiro en representación da Familia de Luis Cebreiro López, de data 05/07/2016 (Rexistro de entrada nº 8.810) no que manifesta a intención da Familia de Luis Cebreiro López de ceder á Sala Museo Municipal de Riveira, en réxime de donación, dun libro da súa propiedade para que pase a formar parte da súa exposición permanente "O Santa Isabel", ao tratarse dun libro composto de cartas, recortes de prensa e fotografías sobre a vida de D. Luis Cebreiro López, 2º Oficial do vapor Santa Isabel e supervivinte ao naufraxio do barco fronte á costa da Illa de Sálvora.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a) Aceptar a donación do libro de D. Luis Cebreiro López para que pase a formar parte da exposición *O Santa Isabel* e, por conseguinte, cumprir coas condicións establecidas pola propietaria:

- *O Concello de Riveira facilitará 7 copias do libro, un para a filla do autor e un para cada unba das 6 netas, dixitalizando o seu contido, documentos e imaxes que nel se recollen.*
- *O Concello de Riveira asumirá os gastos que orixinen a donación do libro.*
- *O Concello de Riveira garantirá a aplicación do tratamento técnico e científico máis axeitado para a perfecta conservación, exhibición, acceso público, difusión e custodia no Museo e na conservación do libro en condicións idóneas para a súa exhibición.*
- *O Concello de Riveira se comprometerá a que o libro esté exposto na sección que o Museo Municipal de Riveira ten sobre o naufraxio do Santa Isabel e que, si por algunha circunstancia cambia de contidos ou se chegase a pechar, o libro sería devolto á familia Cebreiro.*
- *Na información que figure nas salas de exposicións do Museo Municipal de Riveira darase constancia da súa condición coa indicación "Doado pola familia Cebreiro a través de Marisa Peña Cebreiro". Do mesmo xeito, e se fose o caso, tamén se indicará tal circunstancia nas exposicións temporais ás que puidese concurrir a peza depositada e no catálogo ou calquera outra publicación na que figure algunha reprodución gráfica da peza.*

b) No cumprimento destas condicións, solicitar orzamento a provedores para realizar a reprodución de 7 copias do exemplar, dixitalizando o seu contido, documentos e imaxes que nel se recollen para ser entregadas á Familia Cebreiro.

**2.- Dáse conta** á Xunta de Goberno Local do escrito presentado pola **Concelleira Delegada de Educación**, Mª Herminia Pouso Maneiro, de data 09/11/2016, no que amosa o programa de actividades realizadas e previstas para os meses de novembro e decembro de 2016 desde o Servizo de Normalización Lingüística.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo **Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 02/11/2016 (Rexistrado de entrada en data 07/11/2016 co nº 14.543), no que achega certificación da sentenza de data 23/02/2016 ditada no recurso contencioso-administrativo (Procedemento Ordinario 1487/2014), xunto coa copia da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación interposto, que estima parcialmente o recurso e concena ao Concello de Riveira a que tramite e resolva os correspondentes expediente de reposición da legalidade urbanística nos edificios construidos nas parcelas 701 e 702 do Polígono de Abesadas (Riveira).

**4.- APROBACIÓN DAS BASES DO "CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA PARA ESCOLARES: O NADAL"**

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 07/11/2016, relativa á aprobación das bases dun concurso de pintura escolar de Nadal, cuxo traballo premiado será o motivo central dos carteis desta celebración no Concello de Riveira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases do concurso de pintura escolar de Nadal "Concurso de debuxo e pintura para escolares: O Nadal", cuxo traballo premiado será o motivo central dos carteis desta celebración no Concello de Riveira, según o contido da proposta presentada.

**5.- SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS "BONO BUS" – CURSO 2016-2017**

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 09/11/2016, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017

Vista a documentación que consta no expediente

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARIA

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

**Destino Santiago de Compostela**

| | | |
|---|---|---|
| Tarrío Torrado, Aída | 53799019H | USC, Grao en Historia da Arte |
| Pardavila Escalera, Alberto | 52936867K | USC, Grao en Economía |
| Vilas Queiruga, Sara | 53799451J | USC, Grao en Mestre de Educación Infantil |
| Pego Gómez, Sara | 53487564Y | USC, Grao en Administración e Dirección de Empresas |
| Pego Gómez, Marta | 53487563M | USC,Master propio en Banca, Finanzas e Seguros |

**Destino Pontevedra**

| | | |
|---|---|---|
| Davila Lustres, Manuel | 53798301J | Pontevedra, Centro Galego de Tecnificación Deportiva |

**Destino Vigo**

| | | |
|---|---|---|
| Castromán Couselo, Francisco Alexandre | 53797732L | UVIGO, Grao en Enxeñaría Industrial |

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.**

**Riveira, 10 de novembro de 2016**

**A Alcaldesa en funcións**

CONCELLO DE RIVEIRA
ALCALDÍA

**Fabiola García Martínez**
**(Decreto 09/11/2016)**

**Dou fe, o secretario en funcións**

CONCELLO DE RIVEIRA

**José Martínez de Llano Orosa**